

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR553C).

A detección das enfermidades animais incluídas nos programas oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación pode derivar no sacrificio obrigatorio e destrución dos animais, seguido dunha hixienización das instalacións da explotación, de acordo coa normativa en vigor.

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, establece no seu artigo 2 as enfermidades que estarán sometidas a control oficial en programas nacionais de erradicación, no seu artigo 15 indícase que todos os animais que resulten positivos ás enfermidades en cuestión deberán ser sacrificados, e no artigo 17 sinalase que os/as gandeiros/as que, como resultado das actuacións levadas a cabo, tiveran que sacrificar os seus animais terán dereito a percibir unha indemnización de acordo co baremo establecido para o efecto e que se atope en vigor no momento do sacrificio.

O Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, sinala que cando se confirme oficialmente a presenza desta enfermidade ordenarase o sacrificio inmediato dos animais que se considere necesario para evitar a extensión da epidemia.

O Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, sinala os animais que deben ser sacrificados nos casos de sospeita ou confirmación destas enfermidades, e no seu artigo 9 establece que o dito sacrificio dará dereito a unha indemnización de acordo cos baremos oficialmente establecidos.

O Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, sinala as medidas que se tomarán ante a aparición de varias enfermidades de declaración obrigatoria que afectan diversas especies, nas cales se prevé,



no caso de confirmarse a enfermidade, o sacrificio obrigatorio da totalidade dos animais sensibles das explotacións afectadas.

O Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, e o Real decreto 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita fronte a peste porcina africana, indican as medidas que se tomarán ante a aparición destas enfermidades porcinas. No caso de confirmación da enfermidade, estas normativas establecen o sacrificio obrigatorio dos animais das explotacións afectadas, e sinálase expresamente nos dous casos que este sacrificio dará lugar á correspondente indemnización, de acordo cos baremos previstos na normativa vixente.

A Unión Europea elaborou unha normativa específica en materia de control de salmonela, constituída polo Regulamento (CE) nº 2160/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro, sobre o control da salmonela e outros axentes zoonóticos específicos transmitidos polos alimentos. O artigo 5 do dito regulamento dispón que os Estados membros establecerán programas nacionais de control para cada unha das zoonoses e dos axentes zoonóticos enumerados no anexo I para alcanzar os obxectivos comunitarios de redución da prevalencia das zoonoses e dos axentes zoonóticos indicados no seu artigo 4. Dentro deste marco, o Estado español elabora anual ou plurianualmente o Programa nacional para o control de salmonela en mandas de aves reprodutoras da especie *Gallus gallus*, o Programa nacional para o control de salmonela en mandas de galiñas poñedoras da especie *Gallus gallus*, e o Programa nacional para o control de salmonela en pavos, que son aprobados mediante decisións comunitarias. Entre as medidas previstas nestes programas figura o sacrificio obrigatorio das aves das mandas consideradas infectadas.

O Real decreto 445/2007, do 3 de abril, polo que se establecen as medidas de loita contra a influenza aviaria, establece que o sacrificio obrigatorio das aves dará dereito ao seu titular á correspondente indemnización.

O Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a enfermidade de Newcastle, establece que cando se confirme oficialmente a enfermidade nas aves de curral, a autoridade competente ordenará o seu sacrificio *in situ* e a súa destrución.

O artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no que se refire á loita, control e erradicación das enfermidades dos animais, establece que o sacrificio obrigatorio



destes ou, se é o caso, a destrución dos medios de produción que se consideren contaminados, dará lugar á correspondente indemnización, en función dos baremos aprobados oficialmente. Igualmente, establece que serán indemnizables os animais que morran por causa directa tras seren sometidos a tratamentos ou manipulacións preventivos ou con fins de diagnóstico, ou, en xeral, os que morresen no contexto das medidas de prevención ou loita contra unha enfermidade como consecuencia da execución de actuacións impostas pola autoridade competente.

Os baremos oficiais de indemnizacións que deben ser aplicados, así como os valores unitarios dos animais recollidos nos diferentes plans de seguros agrarios combinados para os efectos do cálculo das súas contías de indemnización, son os que están vixentes e publicados no *Boletín Oficial del Estado* mediante ordes e reais decretos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Así, temos o Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles; o Real decreto 823/2010, do 25 de xuño, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*, e de mandas de pavos reprodutores; a Orde do 30 de decembro de 1987 pola que se actualizan os baremos de indemnización por sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica, pertencentes a razas precoces e os seus cruzamentos, para animais destas razas; a Orde do 30 de decembro de 1987 pola que se actualizan os baremos de indemnización por sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica, correspondentes a animais pertencentes ao tronco ibérico e os seus cruzamentos, e a Orde do 12 de maio de 1994 pola que se actualizan os baremos de indemnización de sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica correspondentes aos porcinos pertencentes ao tronco ibérico e os seus cruzamentos, neste outro tipo de razas.

Pero para os casos en que, por cuestións sanitarias, a autoridade competente considere imprescindible decretar o sacrificio obrigatorio de animais afectados por enfermidades sometidas a programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación, para as cales non exista baremo, ou por enfermidades non sometidas a programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación e que tampouco teñan baremo establecido, e así mesmo decretar a destrución de medios de produción ou de produtos de orixe animal das explotacións por resultaren infectados/contaminados, procede fixar a contía dos baremos ou importes de indemnización.



En virtude do exposto, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente, ou como consecuencia directa de tratamentos, manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico, así como nos demais supostos recollidos na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e convocalas para o ano 2023.

2. Esta orde regulará o procedemento de Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, que está recollido na sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento MR553C.

Artigo 2. *Persoas e entidades beneficiarias*

1. Poderán optar ás indemnizacións previstas no artigo 1 as persoas físicas e xurídicas públicas ou privadas e as entidades sen personalidade xurídica que sexan titulares:

a) De animais que se sacrifiquen ou morran por resultaren reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose, brucelose, leucose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.

b) De animais e os seus produtos de calquera especie, sacrificados/mortos e /ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

c) De aves reprodutoras ou poñedoras da especie *Gallus gallus* e reprodutoras da especie *Meleagris gallopavo*, sacrificadas por orde da autoridade competente dentro dos programas nacionais de control de salmonela.



d) De aves sacrificadas/mortas por mor da declaración oficial dun foco de influenza aviaria, de enfermidade de Newcastle ou doutra enfermidade das aves declarada oficialmente.

e) De porcos sacrificados/mortos por mor da declaración oficial dun foco de peste porcina clásica ou de peste porcina africana, ou doutras enfermidades porcinas declaradas oficialmente ou durante o desenvolvemento de medidas, probas ou controis ordenados pola autoridade competente.

f) De visóns americanos que se sacrifiquen por resolución da autoridade competente en materia de sanidade animal, ou morran, afectados por enfermidades sometidas a actuacións ou programas sanitarios oficiais.

g) De animais que morran como consecuencia directa de actuacións, tratamentos e manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico e, en xeral, de animais que morran no contexto de medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente.

h) Os demais supostos recollidos na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na normativa estatal e da Unión Europea de desenvolvemento dos programas e das actuacións sanitarias de vixilancia, loita control e erradicación de cada enfermidade.

2. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das indemnizacións reguladas nesta orde as persoas ou entidades que se atopen en calquera das circunstancias sinaladas no artigo 10, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13, puntos 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, será de obrigado cumprimento a apreciación recollida no artigo 14 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Requisitos*

1. Para os efectos de ter dereito ás indemnizacións reguladas nesta orde, as persoas titulares implicadas e as explotacións gandeiras afectadas:

a) Cumprirán e seranlles de aplicación os contidos da normativa en vigor, citada a continuación, que afecten directamente o correcto desenvolvemento dos programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais: so-



bre sanidade animal, identificación animal, movemento pecuario, benestar e alimentación animal, e a propia dos programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.

b) Terán a obriga de cumprir o contido do artigo 17 do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais e, polo tanto, non se atoparán incursas en ningunha das circunstancias causantes da perda do dereito á indemnización previstas no artigo 17.2 do citado Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

c) As explotacións afectadas estarán correctamente rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, figurarán inscritas e con todos os seus datos actualizados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), establecido polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) regulado no Decreto 200/2012, do 4 de outubro.

d) Será efectivo o sacrificio obrigatorio de todos os animais incluídos nas resolucións de sacrificio ou/e de baleiro sanitario que fosen emitidas pola autoridade competente.

2. Os servizos de gandería provinciais da Consellería do Medio Rural, como órganos competentes para a tramitación do procedemento de concesión da indemnización, comprobarán o cumprimento dos requisitos descritos no número 1 anterior.

Artigo 4. *Criterios para as contías das indemnizacións dos animais*

1. As contías das indemnizacións serán as que estean en vigor en cada momento, segundo os baremos ou prezos oficiais (establecidos para as indemnizacións por sacrificio obrigatorio por motivos de sanidade animal), ou segundo os valores unitarios dos animais recollidos nos diferentes plans de seguros agrarios combinados (para os efectos do cálculo das súas contías de indemnización), aprobados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) e publicados no *Boletín Oficial del Estado* mediante reais decretos ou ordes ministeriais.

2. Para os casos en que, por cuestións sanitarias, a autoridade competente considere necesario decretar o sacrificio obrigatorio de animais das especies bovina, ovina e cabrúa, afectados por enfermidades distintas das sometidas a programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación, e para as que non haxa un baremo xa aprobado, a contía das indemnizacións será a sinalada no punto 1 anterior.



3. Para as indemnizacións do gando porcino por mor dos sacrificios obrigatorios (ou a morte) decretados pola autoridade competente, debidos á peste porcina clásica (PPC) ou á peste porcina africana (PPA) e para as enfermidades distintas da PPC e da PPA que non teñan baremo oficial aprobado, serán de aplicación os baremos contidos na Orde do 30 de decembro de 1987 pola que se actualizan os baremos de indemnización por sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica, pertencentes a razas precoces e os seus cruzamentos, para animais destas razas; na Orde do 30 de decembro de 1987 pola que se actualizan os baremos de indemnización por sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica, correspondentes a animais pertencentes ao tronco ibérico e os seus cruzamentos, e na Orde do 12 de maio de 1994 pola que se actualizan os baremos de indemnización de sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica correspondentes aos porcos pertencentes ao tronco ibérico e os seus cruzamentos.

No anexo II.A), punto 1, desta orde recóllense os baremos de indemnización que son de aplicación ao porcino branco, e ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 1987 pola que se actualizan os baremos de indemnización por sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica, pertencentes a razas precoces e os seus cruzamentos. Para estes efectos, non se atopan incluídas nos baremos para o porcino branco (do citado punto 1) as primas sanitarias sobre o valor base do mercado recollidas no anexo da Orde do 30 de decembro de 1987.

No anexo II.A), punto 2, desta orde recóllense os criterios para o cálculo da indemnización do porcino ibérico e os seus cruzamentos, e ao abeiro da Orde do 12 de maio de 1994 pola que se actualizan os baremos de indemnización de sacrificio de animais afectados de peste porcina africana e peste porcina clásica correspondentes aos porcos pertencentes ao tronco ibérico e os seus cruzamentos. Esta orde informa no seu artigo 3.4 (animais de ceba) que os animais de ceba serán indemnizados conforme os prezos de mercado. Para estes efectos, non se terán en conta no cálculo dos importes de indemnización para o porcino ibérico e os seus cruzamentos (do citado punto 2), as primas sanitarias recollidas no anexo II da Orde do 12 de maio de 1994.

4. En caso de que se decrete o sacrificio obrigatorio de visóns americanos afectados por enfermidades ou mortos por mor delas, ou ben sexan sacrificados/mortos durante o desenvolvemento de medidas, probas ou controis ordenados pola autoridade competente, e para as cales non haxa un baremo xa aprobado, a contía dos baremos de indemnización será a fixada no anexo II. B) desta orde.



5. No caso dos produtos destruídos por motivo das encefalopatías esponxiformes transmisibles, cando a aplicación dos prezos citados non acade o valor medio normal nos mercados de referencia, farase unha taxación a prezo de mercado.

Artigo 5. Contías das indemnizacións para animais de especies aviarias

1. As contías estableceranse de acordo coa especie e a categoría de ave recollidas nas diferentes clasificacións zootécnicas definidas no artigo 3 do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.

2. Os animais, de cada explotación avícola obxecto de indemnización por sacrificio, percibirán a contía que lles corresponda de acordo coa clasificación ou clasificacións zootécnicas das explotacións que se atopan rexistradas na base de datos oficial do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) en Galicia.

3. No caso de indemnizacións por sacrificio/morte decretado pola aparición dun foco de influenza aviaria, de enfermidade de Newcastle ou doutra enfermidade das aves declarada oficialmente e da que non existan baremos oficiais aprobados, as contías das indemnizacións estableceranse ao abeiro da seguinte normativa:

a) Os baremos establecidos no Real decreto 823/2010, do 25 de xuño, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*, e de mandas de pavos reprodutores.

b) As ordes ministeriais (do MAPA) polas que se definen as explotacións asegurables, as condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o ámbito de aplicación, o período de garantía, o período de subscripción e o valor unitario dos animais, en relación cos diferentes seguros de explotación do gando aviario, e comprendidos nos correspondentes plans de seguros agrarios combinados.

As ordes ministeriais desta alínea b) que se terán en conta para establecer os importes das indemnizacións individuais das especies aviarias serán as que estean vixentes e publicadas no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) na data en que a autoridade competente en sanidade animal resolva o sacrificio dos animais.

4. En todos os casos e para toda a normativa recollida neste artigo 5, a idade das aves que se terá en conta para os efectos da indemnización será a que teñan os animais no



momento en que a autoridade competente en sanidade animal ordene o seu sacrificio obrigatorio (data da resolución de sacrificio/baleiro) ou, no caso de mortes, a súa idade na data da inmovilización oficial da explotación por mor da enfermidade.

Artigo 6. *Contías para a indemnización dos ovos para consumo humano*

1. Os ovos para consumo humano que se poderán indemnizar corresponderán aos existentes en explotacións avícolas clasificadas no rexistro oficial de explotacións gandeiras como de tipo produción de ovos, en calquera das súas formas e sistemas de cría e para as especies *Gallus gallus* e *Coturnix spp*, e de acordo co establecido no artigo 4.29 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016 (lexislación sobre sanidade animal), que considera os ovos para consumo humano como un alimento de orixe animal (dentro dos produtos de orixe animal, do citado número 29, están incluídos os alimentos de orixe animal).

2. Para o caso en que sexa necesario, por parte da autoridade competente en sanidade animal da Comunidade Autónoma de Galicia, levar a cabo a declaración oficial obrigatoria da presenza en Galicia dunha enfermidade das recollidas na lista da Organización Mundial de Sanidade Animal (OMSA), ou no artigo 5.1 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, ou na lista de enfermidades dos animais e zoonoses recollida no anexo III do Regulamento (UE) 2021/690 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de abril de 2021 (Programa para o mercado único), ou na lista de enfermidades do anexo I do Real decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, será de aplicación a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que recolle no seu artigo 21.1 (indemnizacións) que «o sacrificio obrigatorio dos animais e, se é o caso, a destrución dos medios de produción que se consideren contaminados dará lugar á correspondente indemnización pola autoridade competente...».

3. Neste marco é de aplicación o Regulamento (UE) 2021/690 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de abril de 2021, polo que se establece un programa para o mercado interior, a competitividade das empresas, incluídas as pequenas e medianas empresas, o ámbito dos vexetais, os animais, os alimentos e os pensos, e as estatísticas europeas (Programa para o Mercado Único), e se derrogan os Regulamentos (UE) núm. 99/2013, (UE) núm. 1287/2013, (UE) núm. 254/2014 e (UE) núm. 652/2014, que recolle entre un dos obxectivos específicos do Programa (artigo 3.2, alínea e) «contribuír a lograr un alto nivel de saúde e seguridade para as persoas, os animais e os vexetais...mediante a prevención, detección, e erradicación de enfermidades animais e pragas dos vexetais, tamén mediante



medidas de emerxencia que se adoptan en caso de situacións de crise a grande escala e acontecementos imprevisibles que afecten a sanidade animal...».

4. O anexo I do Regulamento (UE) 2021/690 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de abril de 2021, recolle como unha das accións subvencionables destinada á consecución dos obxectivos do citado regulamento o financiamento da execución de medidas de emerxencia veterinaria que se vaian desenvolver despois da confirmación oficial da aparición dunha das enfermidades dos animais ou zoonoses enumeradas no anexo III dese regulamento, e entre os custos subvencionables dentro das citadas medidas figuran os «custos de indemnización aos propietarios polo valor dos produtos de orixe animal destruídos, dentro do límite do valor de mercado que tiveran os ditos produtos inmediatamente antes de que xurdise ou se confirmase calquera sospeita da enfermidade».

5. Poderase, polo tanto, como produtos de orixe animal, indemnizar os ovos para consumo humano sobre os cales se resolva a súa destrución no marco das medidas sanitarias establecidas pola autoridade competente en materia de sanidade animal.

Para os efectos da contía de indemnización distínguense 2 categorías de ovos de consumo humano:

a) Ovos de clase A: para o cálculo da contía teranse en conta os prezos da Mesa avícola-ovos (son ovos de clase A) da Lonxa Agropecuaria de Toledo, que é a única lonxa en España que distingue entre os ovos producidos en gaiola e o resto de sistemas produtivos, que denomina ovos de solo, e que, para os efectos desta orde, se entenderán como os producidos polos sistemas en solo, campeiros e ecolóxicos. O valor económico que se indemnizará será en euros/ducía de ovos, e para 4 tamaños de ovo: S, M, L e XL. Utilizaranse os prezos, da citada lonxa, da semana anterior á da emisión da resolución do sacrificio das aves produtoras.

b) Ovos de clase B: para o cálculo da súa indemnización terase en conta a última factura de comercialización (venta/compra) destes ovos (considerarase no importe só a base imponible, sen IVE) existente na explotación, anterior á data de resolución do sacrificio das aves produtoras. O valor económico que se indemnizará será en euros/ducía de ovos.

6. Os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural recollerán os citados datos da Mesa avícola-ovos da Lonxa Agropecuaria de Toledo e, así mesmo, elaborarán unha acta de inspección (unha por cada explotación) que recolla a especie, clase (A ou B),



cantidade, tipos (gaiola ou resto de sistemas produtivos) e tamaños S, M, L e XL dos ovos presentes na explotación.

Artigo 7. *Contías para a indemnización dos ovos para incubar*

1. Poderanse indemnizar os ovos embrionados con destino á incubación da especie *Gallus gallus*, producidos e localizados nas explotacións clasificadas como selección ou multiplicación para ovos ou para carne, ou ben nas incubadoras, de acordo coa definición recollida no artigo 4, punto 44), do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016 (lexislación sobre sanidade animal), que define os ovos para incubar como os «ovos de aves de curral ou de aves en catividade destinados á incubación».

2. No marco de valoración da indemnización deste tipo de ovos, será de aplicación o contido do puntos 2, 3 e 4 do artigo 6 anterior.

3. Poderanse, polo tanto, indemnizar os ovos para incubar. Para o cálculo da contía de indemnización terase en conta a última factura de comercialización (venta/compra) destes ovos (considerarase no importe só a base impositiva, sen IVE) existente na explotación anterior á data de resolución do sacrificio das aves produtoras destes ovos, ou anterior á data da resolución de destrución dos ovos se é unha incubadora. O valor de indemnización será en €/unidade (ovo incubable).

4. Os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural elaborarán unha acta de inspección (unha por cada explotación) que recolla a cantidade (número de ovos) de ovos para incubación presentes na explotación.

Artigo 8. *Contía para a indemnización dos pensos contaminados*

1. A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, recolle no artigo 2, alínea b), dentro do seu ámbito de aplicación, os produtos para a alimentación animal; dentro destes produtos inclúense os pensos (artigo 3.21, Definicións, da citada lei). Así mesmo, os produtos para a alimentación animal constitúen un tipo de medio de produción nas explotacións gandeiras.

2. O artigo 21.1 da citada lei regula as indemnizacións derivadas de actuacións sanitarias levadas a cabo pola autoridade competente, e recolle textualmente: «o sacrificio obrigatorio dos animais e, se é o caso, a destrución dos medios de produción que se



consideren contaminados dará lugar á correspondente indemnización pola autoridade competente...».

3. Polo tanto, os pensos contaminados das explotacións gandeiras afectadas poderanse indemnizar. Para o cálculo da indemnización terase en conta a factura de comercialización (compra/venda) correspondente á partida de penso existente na explotación sobre a cal se determine a súa destrución por considerala contaminada (considerarase no importe só a base impositible, sen IVE). Obterase da factura o prezo dun quilo de penso (€/kg).

4. Só se indemnizarán os quilos de penso que se atopen almacenados na data de saída da explotación do/dos último/s animal/is para o seu sacrificio obrigatorio ou na data de manzanza (sacrificio *in situ* na explotación) do/dos último/s animal/is na explotación.

5. Os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural elaborarán unha acta de inspección/ficha de control que recolla a cantidade (quilos) de penso contaminado que quede almacenado na explotación na data sinalada no punto 4.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante, ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao día nas obrigas e débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



h) Certificado de estar ao día nas obrigas e débedas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente (anexo I, código de procedemento MR553C) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Inicio do procedemento de concesión*

1. O procedemento de concesión iníciase coa presentación da solicitude de indemnización por parte da persoa interesada, e empregando o formulario que se recolle como anexo I desta orde (código de procedemento MR553C).

2. Cada solicitude inclúe unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (datos bancarios). Nela, a persoa solicitante anotará o titular da conta, que será o titular da explotación gandeira, e o número da conta bancaria (código IBAN da conta) que pertenza a ese titular da explotación, para os efectos de pagamento das indemnizacións e, así mesmo, declarará a súa veracidade.

Artigo 11. *Disposicións para as solicitudes de iniciación*

1. As persoas interesadas no procedemento de concesión de indemnizacións que se xeren durante o ano 2023 deberán presentar o formulario de solicitude que se recolle como anexo I desta orde (código de procedemento MR553C).

2. Para as persoas titulares de explotacións gandeiras que aínda teñan pendentes de tramitación, por parte da Consellería do Medio Rural, unha ou máis indemnizacións correspondentes ao ano 2022:

a) A persoa interesada no procedemento que non presentase durante o ano 2022 a/as solicitude/s de indemnización correspondentes a ese ano deberá presentar no ano 2023 unha única solicitude para todas elas, empregando o formulario de solicitude que se recolle como anexo I desta orde (código de procedemento MR553C).



b) Á persoa interesada que si presentase no tempo e na forma durante o ano 2022 o/os formulario/s de solicitude (anexo I, código de procedemento MR553C) seralle de aplicación a apreciación que se recolle na disposición adicional segunda desta orde: non será necesario que presente de novo durante o ano 2023 a/as citada/s solicitude/s.

Artigo 12. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación necesaria para a tramitación do procedemento, e segundo o caso de que se trate:

a) Xustificantes (certificado/informe) do sacrificio dos animais no matadoiro, se é o caso. No caso de animais enviados ao matadoiro coa autorización de traslado de animais ao matadoiro (tamén chamado documento Conduce), na cal o sacrificio é certificado polo veterinario oficial, non será necesario que a persoa interesada achegue o certificado/informe do sacrificio emitido polo matadoiro.

b) Xustificantes da morte ou eutanasia dos animais positivos/sospeitosos ou de baleiro sanitario, se é o caso: certificado veterinario oficial, informe do veterinario da explotación. No caso de que o documento sexa unha acta de inspección emitida polos servizos veterinarios oficiais que comprobaran os feitos, non será necesario que a persoa interesada a achegue por estar xa en poder da Administración.

c) Documentos comerciais de acompañamento para o transporte de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, se é o caso.

d) Documentos acreditativos da inscrición dos animais sacrificados de razas autóctonas nos libros xenealóxicos da raza, se é o caso: para os animais sacrificados que fosen dalgunha das razas autóctonas incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España, previsto no anexo I, punto 1, do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro, e 1625/2011, do 14 de novembro, a persoa solicitante deberá presentar un documento ou certificado emitido pola entidade xestora do libro xenealóxico da raza que acredite que, nunha data anterior á do seu sacrificio, eses animais se atopaban inscritos no correspondente libro xenealóxico, e para os efectos do recollido no anexo I, punto 3, alínea C), e no anexo II, punto 4, alínea C), do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo



que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles.

e) Última factura de comercialización (venta/compra) de ovos de clase B anterior á data de resolución do sacrificio das aves, se é o caso.

f) Última factura de comercialización (venta/compra) de ovos para incubar anterior á data de resolución do sacrificio das aves, ou anterior á data da resolución de destrución dos ovos no caso dunha incubadora, se é o caso.

g) Facturas de comercialización (venta/compra) das partidas de penso existentes na explotación na data de resolución do sacrificio dos animais, para cada especie animal, ou/e para cada tipo de ave, se é o caso.

h) Documento emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredite que a persoa física non está incluída no réxime especial de traballadores autónomos ou por conta propia, se é o caso: só para os casos en que o/a solicitante da indemnización sexa unha persoa física que non é traballadora autónoma e leve a cabo unha presentación presencial da solicitude.

i) Copias dos documentos de constitución da entidade e dos seus estatutos, se é o caso: para os casos en que o/a solicitante é unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica (sociedade civil (SC), comunidade de bens (CB), etc.).

j) Documento acreditativo da representación, por calquera medio válido en dereito, se é o caso: un documento que deixe constancia fidedigna da existencia dela. O representante da persoa solicitante poderá ser unha persoa física con capacidade de obrar, ou unha persoa xurídica sempre que isto estea previsto nos seus estatutos.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. No caso de que morran animais da explotación afectada antes do seu traslado con destino ao matadoiro, sen que a persoa titular/responsable destes achegase aos servizos veterinarios oficiais a documentación xustificativa sinalada nas alíneas b) ou c) do punto 1 anterior, os mencionados animais non serán indemnizables aínda que estean incluídos na correspondente resolución de sacrificio ou de baleiro sanitario.

Artigo 13. *Presentación de novas solicitudes e de documentos complementarios*

Cada vez que a persoa solicitante demande as indemnizacións, e unha vez que lle sexa entregada a resolución de sacrificio ou de baleiro sanitario emitida pola autoridade competente e sexa efectivo o sacrificio dos animais incluídos nela, deberá presentar unha nova solicitude de indemnización, utilizando o mesmo anexo I desta orde (código de procedemento MR553C). Xunto coa solicitude achegará, se é o caso, a documentación necesaria sinalada nela.

Artigo 14. *Emenda e mellora da solicitude*

A persoa interesada que non presente a solicitude (anexo I) correctamente cuberta ou a documentación complementaria que corresponda, ou ben non emende a falta, os datos ou os documentos erróneos, no prazo de dez días hábiles (excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos) desde o momento en que lle sexa notificado polo servizo provincial de gandería, darase por desistida da súa petición, segundo o establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ditada resolución para o efecto nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 15. *Documentos que achegará a Administración*

Por mor da racionalización administrativa do procedemento de concesión das indemnizacións, e co fin de reducir as cargas administrativas ás persoas beneficiarias, os servizos provinciais de gandería da Consellería do Medio Rural xestionarán a obtención da seguinte documentación e xuntarana aos correspondentes expedientes:

1. Documentos oficiais de traslado dos animais ao matadoiro: documento Conduce, guía sanitaria, etc. No caso de animais trasladados con documentos Conduce ao mata-



doiro, estes documentos serán suficientemente acreditativos do sacrificio dos animais, sen necesidade de que a persoa solicitante presente outros certificados.

2. Se é o caso, os xustificantes de destrución dos animais ou dos produtos. Para estes efectos, solicitaranse ás empresas autorizadas pola autoridade competente correspondente.

3. Se é o caso, as actas de inspección emitidas polos servizos veterinarios oficiais que acreditan a morte ou eutanasia de animais.

4. Xustificante de pertenza ou non da explotación a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira (en diante, ADSG), para os efectos de baremación da indemnización recollida no Real decreto 389/2011, do 18 de marzo (anexo I, punto 3, alínea A), e anexo II, punto 4, alínea A): incremento do 10 %). Ao respecto, se é o caso, a data que se terá en conta na dita baremación para determinar se a explotación pertence a unha ADSG será:

a) No caso dos programas de erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina e brucelose ovina e cabrúa, e o programa de vixilancia da leucose bovina, calquera data anterior á data en que se realizou na explotación a primeira proba sanitaria oficial do programa en que se detectaron animais sospeitosos/positivos, ou ben, unha data anterior á data en que os servizos veterinarios oficiais do matadoiro atoparon no animal lesións compatibles coa enfermidade.

b) No caso dos programas de encefalopatías esponxiformes transmisibles e da lingua azul, será a data en que a autoridade competente determinou o sacrificio do animal, se este se efectuou por sospeita, ou a data en que o laboratorio oficial emitiu o ditame de positividade, se o animal non for previamente sacrificado.

c) A explotación que se atope incluída nunha ADSG, para continuar a percibir ese incremento do 10 %, deberá seguir pertencendo a unha ADSG cada vez que a persoa titular da explotación ou interesada presente unha solicitude de indemnización.

5. Xustificante de pertenza ou non dos animais a unha gandería ecolóxica certificada (subexplotación de sustentabilidade ecolóxica), obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural, e para os efectos de baremación da indemnización recollida no Real decreto 389/2011, do 18 de marzo (anexo I, punto 3, alínea B), e anexo II, punto 4, alínea B): incremento do 5 %).



6. Resolucións de sacrificio e de baleiro sanitario dos animais con destino ao matadoiro ou con sacrificio *in situ* na explotación, e emitidas pola autoridade competente da Consellería do Medio Rural.

7. Documento obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural que acredita a clasificación zootécnica da subexplotación a que pertencían os animais.

8. Os documentos recollidos no artigo 9.1 desta orde, resultado das consultas electrónicas no caso de que as persoas solicitantes das indemnizacións non se opoñan a elas.

9. Documento de impresión de pantalla da Mesa avícola-ovos da Lonxa Agropecuaria de Toledo (os ovos de clase A), para os efectos do recollido no artigo 6.6 desta orde.

10. Acta de inspección que recolla os datos de ovos para consumo humano presentes na explotación, ao abeiro do artigo 6.6 desta orde.

11. Acta de inspección que recolla o número de ovos para incubar presentes na explotación, segundo o contido do artigo 7.4 desta orde.

12. Acta de inspección/ficha de control que recolla os quilos de penso contaminado presentes na explotación, no cumprimento do artigo 8.5 desta orde.

Artigo 16. *Lugar e forma de presentación das solicitudes*

As persoas interesadas deberán cumprir o establecido nos artigos 14, 16 e 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, así mesmo, ao abeiro do artigo 10.1.a) e c) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas traballadoras autónomas (persoas físicas) e as persoas que as representen, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo no ámbito do sector público autonómico:

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



2. A presentación electrónica será obrigatoria para: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica (sociedades civís (SC), comunidades de bens (CB), etc.), as persoas físicas que sexan traballadoras autónomas, e as persoas representantes dunha das anteriores.

3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica (persoas físicas que non sexan traballadoras autónomas), opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. *Lugar e forma de presentación da documentación complementaria*

As persoas interesadas deberán cumprir o establecido nos artigos 14, 16 e 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, así mesmo, ao abeiro do artigo 10.1.a) e c) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas traballadoras autónomas (persoas físicas) e as persoas que as representen, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo no ámbito do sector público autonómico:

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

2. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación



electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 18. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Disposicións na instrución do procedemento*

1. Unha vez reunida a documentación mencionada nos artigos 12 e 15 desta orde, xunto coa solicitude da indemnización (anexo I), os servizos provinciais de gandería remitirán á Subdirección Xeral de Gandería os seus informes para proposta de resolución (un informe para cada solicitude de indemnización), xunto con toda a documentación dos expedientes, para a súa supervisión por parte dos órganos xestores desa subdirección.

2. A persoa titular da Subdirección Xeral de Gandería emitirá as correspondentes propostas de resolución.

3. As propostas de resolución remitiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para os efectos de resolver as indemnizacións, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.



4. Os órganos xestores tramitarán durante o ano 2023, ademais das indemnizacións correspondentes a ese ano, todas as indemnizacións que quedasen pendentes do ano 2022.

Artigo 20. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo para a presentación das solicitudes e, se é o caso, da correspondente documentación complementaria será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 30 de novembro de 2023.

2. A tramitación do procedemento de concesión das indemnizacións establecidas nesta orde levarase a cabo durante todo o exercicio orzamentario do ano 2023.

Artigo 21. *Resolucións*

1. A resolución dos expedientes de indemnizacións correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da Orde do 17 de novembro de 2015, e emitiráa no prazo máximo de cinco meses contados desde o inicio do procedemento de concesión da indemnización e sempre antes do 31 de decembro de 2023. Transcorrido ese prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude de indemnización por silencio administrativo.

2. Modificación da resolución. A resolución de concesión da indemnización poderá ser modificada:

a) Por alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión.

b) Pola obtención concorrente da mesma indemnización, outorgada por outras administracións (da UE, nacionais, internacionais, autonómicas), superando o valor de mercado do animal sacrificado.

Artigo 22. *Notificacións*

As resolucións expresas de aprobación ou de denegación notificaranse ás persoas interesadas seguindo os criterios dos artigos 40, 41 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas



a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 23. *Recursos*

Contra as resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde poderanse interpor os seguintes recursos:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro do Medio Rural, e segundo os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:



a) No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se a resolución foi expresa.

b) Nos casos de resolución presunta poderá interperse o recurso de reposición en calquera momento, desde o día seguinte a aquel en que se entenda denegada a indemnización.

2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e de acordo co previsto nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

a) No prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta foi expresa.

b) No prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a resolución presunta.

Artigo 24. *Réxime de compatibilidade*

1. As indemnizacións reguladas nesta orde serán compatibles con calquera outra indemnización que poida obterse das distintas administracións (da UE, internacionais, nacionais, autonómicas) para a mesma finalidade, sempre e cando a contía en concorrencia de todas elas non supere o valor de mercado que tiña o animal inmediatamente antes do seu sacrificio.

2. Neste ámbito de acumulación de indemnizacións, o formulario de solicitude recollido nesta orde (anexo I, código de procedemento MR553C) inclúe unha declaración responsable da persoa solicitante, en relación con outras indemnizacións concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade.

Artigo 25. *Reintegro*

1. O incumprimento por parte da persoa solicitante de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas.

2. Igualmente, a persoa solicitante terá a obriga do reintegro nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo doutras responsabilidades que procedan no cumprimento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Artigo 26. Xustificación

1. Os expedientes de concesión das indemnizacións establecidas nesta orde iniciaranse cando as persoas interesadas presenten a solicitude de indemnización (anexo I, código de procedemento MR553C) e, se é o caso, a documentación recollida no artigo 12.1 desta orde.

2. Se for procedente, e segundo a enfermidade de que se trate, xustificarán que levaron a cabo o sacrificio obrigatorio dos animais (ordenado por resolución da autoridade competente), coa presentación do correspondente certificado/informe do sacrificio emitido polo matadoiro ou ben, se é o caso, o documento acreditativo da morte ou eutanasia do animal. Se é o caso, os certificados de sacrificio poderán ser substituídos polos documentos Conduce oportunamente selados e asinados polo veterinario oficial do matadoiro.

3. O incumprimento por parte da persoa solicitante de calquera das condicións ou requisitos establecidos nesta orde dará lugar á perda do dereito á indemnización.

Artigo 27. Concesión e pagamento

1. A concesión e o pagamento das indemnizacións serán tramitados polos órganos xestores do procedemento, logo de comprobaren que as solicitudes presentadas cumpren con todos os requisitos recollidos nesta orde.

2. Así mesmo, o pagamento estará suxeito ás dispoñibilidades de crédito vixentes.

Artigo 28. Controis

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e as inspeccións que considere oportunos, co fin de comprobar a veracidade dos datos comunicados e da documentación presentada, así como para verificar o cumprimento dos requisitos para a percepción da indemnización. A persoa solicitante estará obrigada a colaborar nos controis e nas inspeccións, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

2. Neste marco, as persoas solicitantes terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos xestores, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



Artigo 29. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 30. *Financiamento*

1. As indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais establecidas nesta orde, tanto as xeradas durante o ano 2023 como as que non puideron ser tidas en conta durante o ano 2022, financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, e por un importe total de 674.924 euros:

- 14.04.713E.770.0, código de proxecto 2012 00748, cunha dotación de 673.200 euros.
- 14.04.713E.760.0, código de proxecto 2012 00748, cunha dotación de 1.724 euros.

A distribución de fondos entre as aplicacións orzamentarias sinaladas poderá axustarse segundo a evolución da concesión de indemnizacións, á vista das solicitudes recibidas, sendo posible incluso a incorporación de novos conceptos de gasto tendo en conta a natureza xurídica das entidades beneficiarias, e sempre sen incrementar o importe total.

2. Esta orde tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, así como ao abeiro do establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

O artigo 25.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, indica que poderá aprobarse unha convocatoria de axudas nun exercicio orzamentario anterior ao da súa resolución, cando



exista crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para a cobertura orzamentaria do gasto.

Conforme o establecido no artigo 25.2 do citado decreto, a concesión das axudas desta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. Conforme o artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural excepcionalmente terá a posibilidade de ampliar o crédito fixado na convocatoria desta orde cando o aumento veña derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 deste Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Disposición adicional primeira. *Normativa de aplicación*

A todos os aspectos non regulados na presente orde aplicaráselles o disposto nas seguintes leis: a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Regulación de preceptos e documentación pertencentes ao procedemento de concesión de indemnizacións do ano anterior*

No caso de que durante a instrución do ano 2022 haxa solicitudes de indemnizacións presentadas en tempo e forma por persoas interesadas, así como informes para proposta de resolución emitidos polos servizos provinciais de gandería, e ao abeiro da Orde do 4 de agosto de 2022, da Consellería do Medio Rural, que rexía a segunda convocatoria do ano 2022 para a concesión destas indemnizacións (código de procedemento MR553C), e que non se puidesen tramitar durante o ano 2022, teranse en conta no procedemento de



concesión de indemnizacións para o ano 2023 (trátase tamén do mesmo código de procedemento MR553C) e ao abeiro desta orde, sen necesidade de que as ditas persoas interesadas presenten un novo formulario de solicitude normalizada para elas, nin tampouco que os servizos provinciais de gandería emitan novos informes para a proposta de resolución se xa están xerados.

Disposición adicional terceira. *Criterios das indemnizacións para as razas bovinas, ovinas e cabrúas de aptitude mixta*

Aplicaranse os seguintes criterios para establecer os baremos de indemnización das razas de animais de aptitude mixta (por exemplo, nas razas bovinas Parda alpina, Normanda, Fleckvieh, Montbeliarde, Conxunto mestizo, etc.), é dicir, as razas dedicadas ás dúas orientacións produtivas de carne e leite:

1. Se o animal sacrificado pertencía a unha subexplotación con clasificación zootécnica «reproducción para produción de leite», indemnizarase como de aptitude leiteira.

2. Se o animal sacrificado pertencía a unha subexplotación con clasificación zootécnica «reproducción para produción de carne», indemnizarase como de aptitude cárnica.

3. Se o animal sacrificado pertencía a unha subexplotación con clasificación zootécnica «reproducción para produción mixta»: nestas subexplotacións, todos os animais das razas consideradas de aptitude mixta e que se atopan recollidas nas bases de datos da Consellería do Medio Rural serán indemnizados como de aptitude leiteira.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de aplicación e cumprimento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e o cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural



PROCEDIMENTO INDEMNIZACIÓNS POLO SACRIFICIO OBRIGATORIO DE ANIMAIS EN EXECUCIÓN DE PROGRAMAS E ACTUACIÓNS OFICIAIS DE VIXILANCIA, LOITA, CONTROL E ERRADICACIÓN DAS SÚAS ENFERMIDADES	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MR553C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
CÓDIGO REGA DA EXPLOTACIÓN							
<input type="text"/>							

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PUERTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>




A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras indemnizacións concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra indemnización para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta indemnización.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras indemnizacións para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta indemnización, que son las que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de ayudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Xustificantes do sacrificio dos animais no matadoiro, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Xustificantes da morte ou eutanasia dos animais positivos/sospeitosos ou de baleiro sanitario, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Documentos comerciais de acompañamento para o transporte de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da inscrición dos animais sacrificados de razas autóctonas nos libros xenealóxicos da raza, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Última factura de comercialización (venta/compra) de ovos da clase B anterior á data de resolución do sacrificio das aves, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Última factura de comercialización (venta/compra) de ovos para incubar anterior á data de resolución do sacrificio das aves, ou anterior á data da resolución de destrución dos ovos no caso dunha incubadora, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Facturas de comercialización (venta/compra) das partidas de penso existentes na explotación na data de resolución do sacrificio dos animais, para cada especie animal ou/e para cada tipo de ave, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Documento emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredite que a persoa física non está incluída no réxime especial de traballadores autónomos ou por conta propia, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Copias dos documentos de constitución da entidade e dos seus estatutos, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da representación, por calquera medio válido en dereito, se é o caso			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día das obrigas e débedas da Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día das obrigas e débedas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS


Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Tamén levar a cabo a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. O consentimento da persoa interesada, se é o caso.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR553C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

ANEXO II**Baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio de animais da especie porcina e da especie visón americano**

A) Especie porcina, cando proceda indemnizar:

1. Porcino branco:

a) Sementais: 240,40 euros a unidade.

b) Femias reprodutoras: 150,25 euros a unidade.

c) Leitóns desde o nacemento ata os 10 kg de peso vivo (p.v.) ($0 \leq 10$ kg): 16,83 euros a unidade.

d) Leitóns de máis de 10 kg e ata os 20 kg p.v. ($>10 \leq 20$ kg): sumarase aos 16,83 euros a cantidade que resulte de multiplicar os kg de peso vivo en exceso polo importe do custo dun kg para un leitón (que é de 1,68 €/kg p.v.).

A un leitón de 20 kg p.v. correspóndelle un baremo de 33,63 euros a unidade.

e) Recría de máis de 20 kg e ata os 50 kg ($>20 \leq 50$ kg): os primeiros 21 kg multiplicáranse polo custo dun kg para un leitón (que é de 1,68 €/kg p.v.), sen ter en conta os 16,83 € correspondentes aos 10 primeiros kg do leitón.

A un porcino de recría de 21 kg p.v. correspóndelle un baremo de 35,28 euros a unidade.

Para os animais de máis de 21 kg e ata os 50 kg, o baremo calcularase sumando aos 35,28 euros a cantidade que resulte de multiplicar os kg de p.v. en exceso polo custo dun kg para un porcino de ceba (prezo medio de mercado da categoría «normal» de ceba, establecido na Central Agropecuaria de Galicia).

f) Porcino de ceba de máis de 50 kg p.v.: establécese o custo medio de mercado da semana anterior á do sacrificio/morte do animal. Para estes efectos, aplicarase o custo medio establecido na Central Agropecuaria de Galicia, en Silleda, provincia de Pontevedra.

O baremo calcularase multiplicando os kg de p.v. do animal sacrificado polo custo dun kg para o porcino de ceba de categoría «normal» establecido no día en que se celebre a feira/mercado agropecuario en Silleda, e na semana sinalada no parágrafo primeiro.



2. Porcino ibérico e os seus cruzamentos:

a) Só se indemnizarán os animais de ceba presentes nas explotacións de produción e reprodución de gando porcino coa clasificación zootécnica de ceba ou cebadeiro.

b) Os prezos de mercado que se terán en conta, para os efectos do cálculo da indemnización, serán os recollidos na Lonxa Agropecuaria de Salamanca (única lonxa en España con prezos en euros por kg de peso vivo do animal), na súa Mesa de prezo do porcino branco e ibérico: dentro do porcino ibérico indemnizarase só a categoría de ceba, e os valores serán en €/kg peso vivo.

c) Aplicarase a cotización de mercado (€/kg peso vivo), para a categoría de ceba, da Mesa (senalada na alínea b) anterior) celebrada na semana anterior á do sacrificio/morte do animal.

A indemnización do animal será o resultado de multiplicar a cotización na data sinalada (prezo dun quilo de peso vivo) polo quilos de peso vivo do animal.

B) Visión americano, cando proceda indemnizar:

- Macho reprodutor: 70,71 euros a unidade.
- Femia reprodutora: 39,50 euros a unidade.
- Cría: 22,28 euros a unidade.

